

## PLANTAMOS XUNTOS

### **Que perseguimos?:**

Con este experimento queremos observar que sucede se ao plantar unha planta a privamos de luz ou de auga (os elementos básicos).



### **Que material precisamos?:**

Terra, sementes da planta que queiramos plantar, unha maceta, un cubo ou caldeiro, auga para regar e a luz solar.

### **Como fixemos?:**

Plantamos as sementes en macetas e levámolas ao patio. Alí, tapamos unha das macetas co cubo para que non lle dera a luz . Outra das macetas non a regamos. O resto das macetas regáronse e deixóeselles que lle dera a luz do sol.

### **Resultados e conclusións:**

Unha vez transcurridas unhas semanas, puidemos observar que naceran todas as plantas agás a que non se regara e a que estivo privada da luz do sol.

